



“Estudo para a Prevención de Riscos Laborais e a mellora das condicións de traballo no Sector TEIC de Galicia”

Co financiamento de



**XUNTA
DE GALICIA**

Contido

1.	INTRODUCCIÓN AO SECTOR TEIC E CARACTERÍSTICAS DO SECTOR TEIC EN GALICIA	3
2.	PERFÍS PROFESIONAIS DO SECTOR TEIC	8
3.	ENFERMIDADES ASOCIADAS AO SECTOR TEIC	11
4.	METODOLOXÍA UTILIZADA NO ESTUDO	18
6.	ANÁLISE DOS RESULTADOS OBTIDOS	23
7.	RECOMENDACIÓNS	33
8.	CONCLUSIÓNS	36
8.	BIBLIOGRAFÍA	38
9.	ANEXOS	39

1. INTRODUCCIÓN AO SECTOR TEIC E CARACTERÍSTICAS DO SECTOR TEIC EN GALICIA

Como punto de partida para poder elaborar estratexias e medidas adecuadas na prevención de riscos laborais e para a mellora do entorno de traballo das empresas e profesionais Teic en Galicia, é preciso coñecer primeiro en profundidade o sector e os seus profesionais.

Por tanto, é convinte definir previamente a qué nos referimos cando falamos de sector TEIC así como as actividades principais que o comprenden e as súas características propias.

Primeiramente existía o denominado "*Sector TIC*" que é un concepto que agrupaba as tecnoloxías relacionadas coa información e coa telecomunicación. Duns anos a esta parte, o denominado sector Tic foi evolucionando cara a un concepto máis amplo, incorporando outras actividades como os contidos dixitais e as actividades da electrónica, conformando o denominado "*Sector TEIC*" que agrupa baixo este concepto todo o sector tecnolóxico enmarcando, por tanto, as empresas e traballadores que se adican a prestación de servizos relacionadas coa información, telecomunicacións, electrónica e contidos dixitais.

Debido precisamente a gran variedade de áreas tecnolóxicas que o forman, unha das características do sector TEIC radica na dificultade á hora de definir e clasificar as actividades subactividades que o conforman, isto é debido á propia idiosincrasia do sector, dotado dun gran dinamismo na innovación e a creación de novos produtos e servizos, o que provoca que as empresas oferten produtos novos cada pouco tempo, e polo tanto que as actividades enmarcadas no propio sector avancen máis rápido que os propios criterios utilizados pola Clasificación Nacional de Actividades Económicas para identificar as actividades empresariais.

Así a todo, como premisa xeral, pódese dicir que actualmente, o sector TEIC galego está composto por actividades que se caracterizan pola súa aportación á cadea de valor do sector, representando actividades crave para o seu crecemento, evolución ou desenvolvemento, excluindo

as actividades que menos valor achegan ou que simplemente representan actividades auxiliares ou de apoio.

Deste xeito, as actividades TEIC pódense clasificar de forma xeral nos seguintes cinco grupos:


1. **Electrónica:** Que inclúe as actividades relacionadas coa fabricación da electrónica de consumo, electrónica profesional, compoñentes electrónicos e equipos de telecomunicación.
2. **Desenvolvemento de Software:** Que engloba a programación e edición de videoxogos e programación de programas informáticos.
3. **Redes e Telecomunicacións:** Incluindo as actividades de telecomunicacións por cable, sen fíos, por satélite e outros similares.
4. **Servizos e Contidos Dixitais:** Actividades como portais Web, procesamento de datos, *hosting* e afíns ou actividades de post-produción.
5. **Servizos IT:** Englobando servizos relacionado coas TEIC ofertados no mercado como, consultoría, xestión de recursos informáticos e outros servizos relacionados coas tecnoloxías da información.

Por tanto, podemos identificar as actividades que conforman o sector TEIC, tal e como se mostra na seguinte táboa:

Actividade	COD CNAE 2009	Título CNAE 2009
Electrónica	2611	Fabricación de compoñentes electrónicos
	2612	Fabricación de circuitos impresos ensamblados
	2620	Fabricación de ordenadores e equipos periféricos
	2630	Fabricación de equipos de telecomunicacións
	2640	Fabricación de produtos electrónicos de consumo
	2651	Fabricación de instrumentos e aparatos de medida, verificación e navegación.
	2670	Fabricación de instrumentos de óptica e equipo fotográfico
	2680	Fabricación de soportes magnéticos e ópticos
	2720	Fabricación de pilas e acumuladores eléctricos
	2731	Fabricación de cables de fibra óptica
	2732	Fabricación de outros hilos e cables electrónicos e eléctricos
Desenvolvemento de Software	6201	Actividades de programación informática
	5821	Edición de Videoxogos
	5829	Edición de programas informáticos
Redes e Telecomunicacións	6110	Telecomunicacións por cable
	6120	Telecomunicacións sen fíos
	6130	Telecomunicacións por satélite
	6190	Outras actividades de telecomunicacións
Servizos Contidos Dixitais	5912	Actividades de post-producción cinematográfica
	6311	Proceso de datos, hosting e actividades relacionadas
	6312	Portais Web
Servizos IT	6202	Actividades de consultaría informática
	6203	Xestión de recursos informáticos
	6209	Outros servizos relacionados coas tecnoloxías da información e a informática

- **Características dos Sector Teic Galego:**

Se nos centramos no sector TEIC galego podemos apreciar que o seu tecido empresarial está conformado por **cerca de 1.300 empresas** (1.292 empresas), das cales o 42% (602 empresas) pertencen á provincia da Coruña, mentres que o 37% (479) corresponden a Pontevedra quedando Ourense e Lugo cun 9% (120) e un 7%(92) respectivamente. Atendendo ao seu tamaño, o 99% son Pemes mentres que só o 1% son grandes empresas.



Respecto á **clasificación das actividades TEIC**, máis da metade das empresas TEIC galegas desenvolven a súa actividade no ámbito de da prestación de *Servizos IT* (54,01%), seguidas das empresas de *Desenvolvemento de Software* (23,6%). De feito, os *Servizos IT* mantense como a actividade principal en todas as provincias, sendo A Coruña e Pontevedra onde máis empresas agrupa, 29% e 23% respectivamente, mentres que Ourense destaca na actividade de *Redes e Telecomunicacións* (21%) e en Lugo non podemos definir unha segunda actividade en número de empresas, xa que o resto de grupos de actividade repártense case dunha forma bastante equitativa enteo resto de empresas.

Se poñemos o foco sobre o **peso e evolución da economía**, as empresas TEIC galegas obtiveron 1.480 millóns de euros en facturación no ano 2016, representando o **2,5% sobre o PIB total de Galicia**, cifra un 4% superior ao ano 2015, o que amosa o crecemento que está a experimentar o sector.

No tocante a facturación, as empresas de *Redes e Telecomunicacións e Servizos IT* representan máis da metade da facturación total do sector, un 39,88% e 30,44% respectivamente. Se facemos unha desagregación da facturación por provincias, A Coruña, que presenta o 47% de empresas do sector, acadou o 66% do total de facturación no ano 2016, mentres que Pontevedra, que representa o 37%, alcanzou o 22% da facturación. Como se pode apreciar existe unha gran diferenza na proporcionalidade entre o número de empresas duna provincia e a súa facturación Teic.

En canto ao **emprego**, Galicia conta con cerca de un millón de traballadores ocupados (1.034.000), dos cales 12.078 pertencen ao sector TEIC, un 1,2% sobre o total galego. Compre destacar que son as empresas de menor tamaño (micro, pequenas e medianas) as principais empregadoras, representando o 85% do emprego do sector (10.266 empregados). Sen embargo, as grandes empresas, a pesares de ter un gran peso na facturación, soamente representan o 15% do total dos empregados TEIC en Galicia.

2. PERFÍS PROFESIONAIS DO SECTOR TEIC

Os **profesionais TEIC** contan cunhas características propias que os fan diferentes doutros profesionais que operan noutros sectores. En primeiro lugar porque os perfís dos traballadores tecnolóxicos son moi variados e difiren entre si dependendo da área da empresa á que pertencen, da xerarquía do traballador, das tarefas que realizan ou das súas competencias profesionais propias. O dinamismo e a continua evolución no sector, provocados polo rápido desenvolvemento de produtos e servizos tecnolóxicos, afectan directamente os traballadores, que deben adaptarse aos cambios do sector. Este feito implica que a clasificación destes perfís e das tarefas que realizan deba actualizarse con maior frecuencia que noutros sectores máis inmóviles.

Outra característica propia deste sector ten que ver coa alta porcentaxe de traballadores que realizan a súa actividade en remoto, os denominados **“teletraballadores”**, fenómeno que está en ascenso e que estase a exportar dende o propio sector Teic a outros sectores empresariais. Na actualidade, máis dun 30% de empresas teic galegas contan con teletraballadores, ben de forma permanente, por tempadas ou en momentos puntuais. Sen embargo, a pesar do extendido desta práctica non se está tendo en conta dábondo á hora de analizar os seus propios riscos laborais e debería estudarse detidamente, xa que o se un traballo deslocalizado, que non se realiza no propio centro de traballo, e difícil o control e a supervisión no cumprimento das medidas de prevención de riscos laborais.

A pesar destas características propias dos perfís teic, ata agora non existe un estudo actualizado que faga unha clasificación dos perfís profesionais TEIC e as diferentes actividades e tarefas que realizan, o que dificulta a identificación dos riscos laborais propios para cada un deles e, por tanto, a toma de medidas concretas aliñadas con estes riscos.

Por todo iso, para a realización deste *“Estudo para a Prevención de Riscos Laborais e a mellora das condicións de traballo no Sector TEIC”* levouse a cabo unha investigación sobre os perfís profesionais TEIC a través de diferentes estudos de referencia como son o *“Estudo retributivo do sector TIC”* elaborado pola Confederación Nacional de

Empresas TIC (CONETIC), coa colaboración de INEO, a análise de “*Perfís de capacidades profesionais xenéricas de TIC*” de *Career Space*, , ou o “*Estudo de perfís emerxentes de profesionais TIC*” elaborado pola Asociación de empresas de electrónica, tecnoloxías de la información, telecomunicacións e contidos dixitais (AMETIC), entre outros. Grazas a este traballo de análise bibliográfico, comparativa e estudo da realidade do sector, recadamos a información precisa para agrupar e clasificar os diferentes traballadores que conforman o sector TEIC na actualidade en torno os seguintes perfís:

- **Persoal administrativo e de xestión:** Se trata dos traballadores administrativos e de xestión nas empresas Teic que non precisan de ter coñecementos tecnolóxicos, debido a que ás súas funcións están enfocadas cara á administración, xestión ou incluso directivo (nas grandes empresas o s directivos son xestores, non técnicos). Exemplos: Persoais de contabilidade, administración, persoal da área financeira, xerencia, etc.

- **Persoal de deseño gráfico, industria e tecnolóxico:** Este grupo o conforman os deseñadores, tanto de hardware como de software, que especifican, deseñan, implantan, verifican e proban os produtos, compoñentes, sistemas e servizos que posteriormente entrarán na fase de desenvolvemento ou fabricación e implantación.

Os profesionais deste grupo precisan de altos coñecementos técnicos e deben ter unha estreita relación co mercado (clientes) para poder recoller de forma correcta e anticiparse o que están a demandar os clientes, incluso o que van a demandar. O deseñador ten que asimilar e analizar información de moi diversas fontes e precisa de alta capacidade analítica e creativa e atención ao detalle para a resolución de problemas.

Exemplos: Arquitecto de software, arquitecto de redes e telecomunicacións, deseñador de hardware, deseñador de algoritmos, científico, deseñador de sistemas, científico da computación, etc.

- **Persoal de desenvolvemento tecnolóxico:** Este tipo de especialista en desenvolvemento, constrúen, proban, implantan e manteñen as aplicacións, sistemas e servizos, que previamente se deseñaron, utilizando as linguaxes de programación existentes.

Como característica dos desenvolvedores, cabe mencionar que non precisan necesariamente executar as súas tarefas desde o centro de traballo, simplemente contando cun ordenador e una boa conexión de internet é suficiente para poder desempeñar as súas actividades dende calquera lugar, por iso é un perfil proclive aos teletrahalladores.

Exemplos: Programador de aplicacións, especialista en soporte informático e apoio, técnico de integración, técnicos de software.

- **Persoal de fábrica, instalación e mantemento:** O persoal de fábrica oríentase á área máis industrial e manufactureira do sector TEIC, e correspóndenlles as tarefas de manufactura, mantemento, instalación, supervisión e reparación propias das actividades que conforman o campo da Electrónica.

Exemplos: Operarios de fábrica, encargado de control de calidade, encargados e auxiliares de almacén, persoal de mantemento, instaladores.

- **Comerciais TEIC:** Os traballadores que conforman a área comercial dunha empresa tecnolóxica son diferentes os comerciais de calquera outro sector. O perfil profesional dos comerciais TEIC implica ter amplos coñecementos dos produtos e servizos da súa empresa e existentes no mercado, para poder facer unha boa labor comercial, e pode manter un grado de interlocución axeitado cos técnicos, clientes e outros profesionais TEIC. Outra característica deste perfil é que na maioría de ocasións o representante comercial é a cara visible da empresa, feito que provoca que en Galicia, debido ao pequeno tamaño das empresas Teic (99% Pemes) é usual que este papel de comercial desempeñe o xerente da empresa.

Sobre este perfil e traballadores é preciso ter en conta tamén que debido ás súas funcións comerciais está obrigado a continuos desprazamentos durante a súa xornada de traballo polo que están expostos a riscos diferentes ós outros perfís.

Exemplos: Comercial de vendas, Comercial de puntos de venda, comercial de provedores, xefe de compras, etc.

Como dixemos anteriormente o Sector TEIC e os seus profesionais están en continua evolución, e os riscos e trastornos aos que se enfrontan tamén varían, por iso, estes perfís débese actualizar e analizar periodicamente.

3. ENFERMIDADES ASOCIADAS AO SECTOR TEIC

O sector Teic sofre os mesmos riscos laborais que moitos dos demais sectores empresariais que por suposto deben ser tidos en conta, pero para este tipo de riscos comúns existen moitas guías e documentación de consulta que acudan a palialas. Sen embargo, cabe destacar que no Sector TEIC existen actualmente certas enfermidades e trastornos asociados ao uso das tecnoloxías da información e comunicación que son descoñecidos para unha gran maioría de empresas. Hoxe en día, os empresarios e traballadores do sector están a rexerse por guías de PRL que non contemplan, e polo tanto, non están adaptadas, aos riscos propios do sector e dos diferentes perfís profesionais que o compoñen. Por iso, é importante identificar qué novas enfermidades están asociadas o sector (trastornos tanto físicos como psicolóxicos) e as propias dos traballadores para logo poder elaborar as recomendacións específicas aliñadas co Sector TEIC.

A continuación móstranse os posibles riscos laborais e enfermidades asociadas que os profesionais TEIC poden sufrir:

A. TRASTORNOS FÍSICOS

A pesar que os problemas físicos acontecen nos traballadores de calquera sector (carga de peso, mala postura, etc.) no Sector TIEC estes trastornos físicos teñen unha alta relación coa tecnoloxía, como pode ser problemas músculo-esqueléticos, relacionados co posicioamento dos traballadores á hora de utilizar os diferentes dispositivos electrónicos nos seus postos de traballo habitual, ou problemas oculares derivados de varias horas ante as pantallas de computadoras, Smartphone e outros dispositivos tecnolóxicos e outros problemas nerviosos que se sofren debido a unha alta exposición á

tecnoloxía. A continuación falaremos máis detalladamente destes problemas:

A.1 Problemas músculo - esqueléticos: Os trastornos músculo-esqueléticos (TME) normalmente afectan ás costas, pescozo, ombreiros e extremidades superior e inferiores e poden comprender calquera dano ou trastorno dos músculos, articulacións e outros tecidos. Os problemas de saúde abarcan desde pequenas molestias e dores a cadros médicos máis graves que obrigan a solicitar a baixa laboral e mesmo a recibir tratamento médico. En consecuencia directa co sector tecnolóxico existen algúns problemas músculo-esqueléticos relacionados coa tecnoloxía:




- A postura ao tomar o teléfono celular e outros dispositivos móbiles afecta gravemente o pescozo, que perde o seu curvatura natural causando unha desaliniación na columna. É unha conseqüente dor que se caracteriza por rixidez no pescozo, dor de ombreiros e cefaleas. Debido a esta mala posición, fórzanse os músculos na parte alta do pescozo e das costas, o que obriga a traballar máis intensamente para evitar que a cabeza caia no peito.

- As longas xornadas fronte as computadoras poden afectar gravemente o pescozo e as costas, xa que unha mal posición pode provoca certa inestabilidade e derivar en dores no pescozo, ombreiros, parte superior e inferior das costas, subluxacións, hernias discais,

comprensión dos nervios da columna, tensión muscular, comprensión dos nervios da columna, etc.

- O uso do dedo polgar e a súa posición na escritura de mensaxes nos dispositivos móbiles pode ser un risco para os traballadores. O uso de 15 minutos de mensaxeira instantánea (p.e. *whatsapp*, *telegram*, ...) de forma continuada ou dedicar máis dunha hora ao día a contestar e-mail de traballo a través do móbil pode levar diferentes problemas e mesmo lesións dexenerativas no polgar. A posición á que obriga o teclado móbil esixe un xesto de pinza do polgar que provoca unha dor intensa e a perda de forza no polgar, nos casos máis graves de lesión pode afectar tamén a outros músculos da man e a pulso e mesmo a causar a denominada síndrome do túnel carpiano.

- A síndrome do rato: Un dos maiores erros ao traballar co computador utilizando o rato é a posición dos brazos e do pulso, xa que se tende a encoller demasiado o brazo e crear un ángulo co antebrazo demasiado pronunciado, ou a non ter o brazo apoiado en posición horizontal ou a facer un mal posicioamento da man sobre o rato... Esta patoloxía está relacionada coa síndrome do túnel carpiano, unha zona de ligamentos situada baixo a palma da man. Isto adoita traducirse en entumecemento, dor punzante e perda de forza e mobilidade na pulso afectada.



A.2 Trastornos sensoriais: Respecto de trastornos sensoriais predominan os problemas oculares, a pesares de que nas empresas da gran maioría de sectores empresariais están equipadas con computadores, no sector TEIC o número de horas no uso de computadores e tan alto o moito mais alto que nos demais, chegando a ocupar a totalidade das horas laborais nalgúns dos perfís profesionais Teic. Ademais, o uso de computadores pode complementarse con outros dispositivos electrónicos, como móbiles ou *tablets*, que taen afectan a vista do traballador. Existe un conxunto de síntomas

13

relacionados coa visualización prolongada dunha pantalla, o que se coñece como a síndrome visual do computador. Os síntomas adoitan ter pouca importancia en relación con outros trastornos existentes que vemos neste Estudo, pero son molestos e preocupantes para o usuario. Consisten basicamente en irritación ocular, sensación de corpo estranho, queimazón, picor, pesadez de pálpebras, dor de cabeza, sensibilidade á luz, visión borrosa, cefaleas, ollos resecos, etc.

A.3 Problemas nerviosos: O uso de dispositivos electrónicos durante longas horas nas xornadas laborais pode afectar negativamente ao noso sistema nervioso de diferentes formas:

- **Síndrome da vibración fantasma:** Aínda que non leva un problema grave, o uso de teléfonos móbiles en modo vibrador pode provocar figuracións sobre chamadas ou mensaxes que non existen, que non é máis que a anticipación do cerebro humano, que prevé posibles mensaxes ou chamadas. A pesar de que non é un problema grave, padecer devandita síndrome impide ter un descanso e unha relaxación óptima, creando un estado de prealerta continua.



- **Adicción:** Tamén comunmente coñecido como “*Crackberry*”, porque nos seus comezos facía referencia aos celulares “Blackberry” que permitían realizar diferentes tarefas como enviar e-mails, uso de Word e Excel, ler noticias, etc.

En persoas ansiosas, súper esixentes, ou con cargos de gran responsabilidade, o uso de dispositivos móbiles e computadores pode converterse nun dos principais síntomas dunha adicción ao traballo. Os investigadores da “*Sloan School of Business*” do Instituto Tecnolóxico de Massachusetts (MIT), no seu artigo “*Balanced Diet*”, presentaron os resultados dunha investigación dos efectos da Blackberry sobre os traballadores dunha empresa. O obxectivo foi que coa axuda destes dispositivos móbiles os traballadores puidesen ter maior flexibilidade laboral aproveitando os tempos mortos para traballar e poder ter

tempo para desconectarse da vida laboral no seu ámbito privado, pero o resultado foi totalmente oposto, 9 de cada 10 empregados confesaron estar a cotío ollando o móbil e resultáballes imposible non revisar os e-mails cada cinco minutos, estivesen onde estivesen.

Por todo isto, comprobouse que o uso de dispositivos conectados a internet leva o risco da adicción, o que se traduce en eliminar calquera límite entre vida persoal e laboral, co risco de poder desenvolver a crenza de que calquera traballador debe estar dispoñible as 24 horas ao día.



- **Angustia, nerviosismo, ansiedade:** A alta exposición aos dispositivos tecnolóxicos pode afectar o noso sistema nervioso, estimulando os momentos de angustia, nerviosismo e ansiedade.

- **Insomnio:** O alongamento da xornada de traballo, a flexibilidade laboral e o teletraballo que se realiza no sector pode provocar estar ata tarde fronte aparellos electrónicos como o computador, o teléfono móbil ou tabletas electrónicas, que trae como consecuencia dificultade para conciliar o soño e polo tanto, un mal durmir, situación que carrexará outros problemas como o cansazo, tensión, menor rendemento laboral, etc.

B. TRASTORNOS PSICOLÓXICOS

Os Trastornos psicolóxicos son alteracións de diferente intensidade da mente que afectan o desenvolvemento normal do individuo e poden estar relacionados coa tensión, a ansiedade, a dependencia, a adicción, a soidade, o illamento e a depresión. Nos seguintes puntos trataremos máis detalladamente os diferentes problemas psicolóxicos relacionados co sector TEIC aos que se enfrontan os profesionais do sector.

Aínda que a tensión pode ser unha causa común en todos os sectores, no sector TIC presenta certas peculiaridades ao estar altamente relacionado coa tecnoloxía.

Nos seguintes puntos trataremos máis detalladamente os diferentes danos psicolóxicos que podemos atopar no sector TEIC:

B.1 Tecnoestrés: A diferenza da tensión habitual, o tecnoestrés está directamente relacionado cos efectos negativos do uso da tecnoloxía. a Universidade de Jaume I de Castelló definiu o tecnoestrés da seguinte maneira: *“O Tecnoestrés é un estado psicolóxico negativo que se relaciona coa utilización de tecnoloxías da información e comunicación ou coa ameaza do seu uso nun futuro. Ese estado vén condicionado pola percepción dun desaxuste entre as demandas e os recursos relacionados co uso do TIC que provoca un alto nivel de activación psicofisiolóxica, malestar e o desenvolvemento de actitudes negativas cara ao TIC”.*

Principalmente este malestar é causado por un ritmo rápido de traballo, con presión sobre prazos de entrega e a xestión simultánea de tarefas, todos eles, factores relacionados coas novas tecnoloxías.



Do mesmo xeito que ocorre coa tensión, o tecnoestrés é un fenómeno complexo que presenta distintos síntomas. Segundo o Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no traballo de España existen distintos tipo de tecnoestrés:

B.2 Tecnoansiedade: É o tipo de tecnoestrés máis habitual. A persoa que o padece adoita experimentar niveis altos de activación fisiolóxica que lle produce malestar. Algúns individuos desenvolven un medo irracional cara ás novas tecnoloxías, o que se coñece como “tecnofobia”. Os síntomas da tecnofobia se traducen en ansiedade ante a presenza da tecnoloxía e pensamentos hostís e agresivos cara a ela.

B.3 Tecnofatiga: Está clase de tecnoestrés caracterízase pola fatiga, o canso mental ou o esgotamento cognitivo. Dentro da tecnofatiga hai que destacar a síndrome da fatiga informativa, produto da exposición, consumo e manexo excesivo da información, tamén chamada “infoxicación”.

B.4 Tecnoadicción: Esta clase de tecnoestrés caracterízase polo desexo incontrolable de estar conectado ao TIC acotío. Este comportamento causa malestar e unha deterioración na vida do individuo.

Esta exposición á tensión pode acabar coa Síndrome Burnout, esta síndrome sería a resposta extrema á tensión crónica orixinado no contexto laboral. Os seus síntomas principais poden ser o esgotamento emocional, que se traduce nun esgotamento psíquico e fisiolóxico, despersonalización que se manifesta en actitudes negativas en relación con outras persoas e falta de realización persoal, que fai referencia á diminución da autoestima, frustración de expectativas e manifestación de tensión a nivel fisiolóxico, cognitivo e comportamento.

C. OUTROS TRASTORNOS

Ademais do exposto anteriormente, o Sector TEIC tamén ten riscos comúns a todos os traballadores e sofre enfermidades que non son exclusivas do propio sector senón que son xerais e afectan a maioría dos sectores empresariais, as seguintes:

C.1 Estrés: A pesar da existencia da tensión relacionada coa tecnoloxía (tecnoestrés) os traballadores do Sector TEIC, ó igual có resto de sectores, poden sufrir tensión laboral causado por un exceso de carga de traballo, por un elevado nivel de responsabilidade e por unhas relacións sociais no ámbito laboral insatisfactoria.



C.2 Sedentarismo: Actualmente as tarefas realizadas na xornada de traballo obrigan a pasar moitas horas sentados, como consecuencia disto o gasto de enerxía que se produce no horario laboral é moi baixo, o que afecta a saúde dos traballadores. A

inactividade física é un risco que non só pode afectar o sistema músculo-esquelético, con dores de costas, pescozo, ombreiros, etc., senón que o tempo que o traballador pasa sen moverse no traballo pode ter graves consecuencias como risco de padecer diabetes, enfermidades cardiovasculares e certos tipos de cancro.

4. METODOLOXÍA UTILIZADA NO ESTUDO

Unha vez identificados os perfís profesionais do sector TEIC e os Riscos Laborais aos que se enfrontan, xa somos quen de analizar o estado da Prevención de Riscos Laborais en Galicia e a realización do “Estudo técnico para a prevención de riscos e a mellora das condicións de traballo do sector TEIC”, para iso seguimos a seguinte metodoloxía.

De cara a elaboración deste Estudo, perseguíuse acadar a maior información posible das empresas tecnolóxicas galegas respecto a tres ámbitos: as condicións de traballo nas que operan, as enfermidades propias do sector teic e as medidas de prevención de riscos laborais que están a implementar as empresas. Para iso, era fundamental contactar de forma directa cun alto número de empresas e traballadores teic de cara a obter un gran volume de información, contrastada e veraz, que nos permitise coñecer a realidade do sector fielmente, para poder logo facer unhas recomendacións axeitadas e aliñadas coa idiosincrasia do sector teic galego en particular.

Para elo, a recollida de información fíxose a través de dúas vías: contacto telefónico directo e envío dun mailing as empresas. Compre destacar que INEO conta cunha base de datos de máis de mil empresas galegas do sector tecnolóxico, tras os seus once anos de vida traballando no sector.

En primeiro lugar, contactouse a través de correo electrónico con 576 empresas do ámbito tecnolóxico galego, onde se lle comunicou e describiu os detalles e a finalidade do estudo xunto cun link a unha enquisa, informando ademais da co-financiación pública recibida por INEO para tal finalidade. O obxectivo era recompilar información de interese para o estudo sobre as empresas e traballadores pero de forma anónima, confidencial e agregada. Escolleuse este método de

contacto coas empresas xa que, segundo a nosa experiencia, e a forma máis directa e menos intrusiva de obter información sensible. Este correo electrónico enviúuselle a aquelas empresas da área xeográfica de Galicia que desenvolven, ben actividade principal ou secundaria, a súa actividade no campo da electrónica, do desenvolvemento de software, redes e telecomunicacións, servizos e contidos dixitais e/ou servizos IT.

Segundo o mencionado anteriormente, no mesmo correo electrónico incluíuse unha ligazón para acceder a un cuestionario on-line, debido a que este formato é o que mellores niveis de participación recibe no sector TEIC e ademais permite o anonimato no seu envío, o que asegura a confidencialidade dos datos achegados polas empresas. Este mailing foi reforzado por chamadas telefónicas co obxectivo de asegurarnos a participación por parte do maior número de empresas no estudo. De feito moitas das enquisas foron cumprimentadas polas empresas axudadas telefonicamente polo persoal de INEO. Grazas as enquisas on-line, e o noso apoio telefónico, acadamos información de 217 empresas (172 cuestionarios en liña máis 45 datos proporcionados polas empresas a través de chamadas telefónicas) pertencentes a toda a xeografía galega, xa que parte do noso esforzo enfocouse en e contar coa información empresarial das catro provincias, en aras de acadar unha alta representatividade e maior lexitimidade nos resultados do estudo.

- **Enquisa:**

A continuación se expoñen as preguntas recollidas no cuestionario e que tiveron que cumprimentar as empresas:

1. **Aspectos Xerais da empresa:**

- Localización das empresas
- Forma Xurídica da empresa
- Código da actividade (Código CNAE 4 Díxitos)
- Número de traballadores

2. Xestión xerais da Seguridade e a Saúde Laboral

- Nº de persoas no centro de traballo encargadas da Prevención de Riscos .
- Comprobación da existencia dalgún documento que explique os procedementos e os responsables da empresa no ámbito da Prevención de Riscos Laborais a disposición dos traballadores.
- Realización de formación de Prevención de Riscos Laborais para a traballadores.
- Avaliación de riscos inicial ou desenvolvemento dalgunha política de Prevención de Riscos Laborais nos últimos 2 anos.
- Medidas relacionadas coa Prevención de Riscos Laborais que se levaron a cabo por parte da empresa
- Porcentaxe de traballadores que sufriron algunha baixa nos últimos 2 anos

3. Riscos Laborais no sector TEIC

- Medidas para a prevención dos diferentes riscos laborais propios do sector TEIC nos diferentes perfís profesionais.
- Porcentaxe do total de baixas derivadas dos distintos riscos laborais do sector TEIC

4. Prevención de Riscos Laborais nos teletraballadores

- Disponibilidade de teletraballadores na plantilla da empresa.
- Existencia dalgún documento que explique os procedementos e os responsables da empresa no ámbito de la Prevención de Riscos laborais a disposición dos teletraballadores.
- Comprobación da metodoloxía utilizada nas empresas para o cumprimento da Prevención de Riscos laborais nos “teletraballadores”

5. Cuestións finais




- Orzamento destinado anualmente a Prevención de Riscos Laborais

- Medidas relacionadas coa Prevención de Riscos Laborais que se espera implantar nos próximos anos.
- Segundo a opinión do enquisado, a que riscos laborais se enfrontara o Sector TIC no futuro.


- **Empresas participantes:**

As empresas que participaron no proceso de recompilación de información para a elaboración do estudo están compostas polas seguintes características:

O 44% e o 34% das empresas enquisadas se atopan na provincia de Pontevedra e a Coruña, que como vimos no primeiro apartado son os principais núcleos de actividade do sector TEIC, mentres que Ourense e Lugo representan o 17% e o 5% respectivamente. Estas empresas son principalmente Pemes (99%), onde as microempresas e pequenas empresas conforman o 93% dos enquisados.



No referente ás actividades que realizan as empresas, as actividades relacionadas cós Servizos IT e Desenvolvemento de Software se mantén como as principais actividades dos enquisados co 41% e 44% respectivamente, deixando a actividade da Electrónica no último lugar cun 3% debido a escaseza destas empresas no tecido empresarial TEIC galego.




6. ANÁLISE DOS RESULTADOS OBTIDOS


A continuación analizaremos os diferentes resultados obtidos a partir dos datos proporcionados polas empresas TEIC galegas. Para unha mellor exposición e entendemento, divídiranse en bloques temáticos.

- Xestión Xeral da Seguridade y la Saúde Laboral
- Riscos laborais no sector TEIC
- Medidas das empresas TEIC segundo os seus perfís profesionais
- Baixas Laborais
- Prevención de Riscos Laborais nos teletraballadores
- Orzamento de PRL
- Futuro nos Riscos Laborais TEIC


6.1 Xestión Xeral da Seguridade y la Saúde Laboral

No número de persoas que se dedican ás tarefas de PRL, podemos observar como as empresas galegas prefiren contar con traballadores dedicados á tarefas de Prevención de Riscos Laborais pero que á súa vez realizan outras tarefas dentro da empresa, onde o 62% das empresas teñen polo menos unha persoa dedicada ás funcións relacionadas co PRL. Por outro lado, as empresas de maior tamaño xa incorporan traballadores dedicados exclusivamente á Prevención de Riscos Laborais e teñen máis dunha persoa realizando tarefas similares.








Ademais, apréciase que a maioría das empresas galegas poñen a disposición dos seus traballadores algún tipo de **documentación** que explique os procedementos e identifica aos responsables na empresa no ámbito de Prevención de Riscos Laborais. De feito, o 77% conta con documentación informativa para todos os traballadores e o 4% só para algúns traballadores que, debido as súas tarefas, ten riscos especiais dentro da empresa, como pode ser o persoal de fábrica, soporte ou mantemento.




Respecto á **formación** que reciben os traballadores o 70% das empresas realizan periodicamente algún tipo de formación para os seus empregados, xa sexa a través de sesións e cursos de formación para Riscos Laborais ou coma sesións informativas sobre os riscos no ámbito laboral. As empresas de menor tamaño adoitan a realizar algún tipo de formación para os seus traballadores polo menos unha vez cada 5 anos o ano mentres que as empresas con maior capacidade realizan estas formacións de forma máis frecuente, xa sexa anualmente ou aproximadamente cada 2 anos.



Nos últimos 2 anos o 59% das empresas realizaron algunha avaliación de riscos iniciais nalgunha área da empresa co obxectivo de prever os posibles riscos nas tarefas diarias dos traballadores e o 60% desenvolveron políticas concretas para solucionar devanditos riscos.



